

CESES, SELECCIÓN E PRESELECCIÓN NA OFOE

A oficina de orientación laboral contaba, ata o 31 de marzo deste ano, con cinco orientadoras e un auxiliar administrativo. Viñan desempeñando o seu traballo dende fai catro anos e medio e polos informes que temos con bastante eficacia e aproveitamento. Esta oficina, xunto con outras como a OFIE e OFIX, reciben unha subvención da Xunta de Galicia que permite pagar os salarios das persoas contratadas dentro dela.

A mediados de marzo algunhas traballadoras deste servizo preocupadas polo inminente remate do seu contrato pídennos que mediemos para saber se lles van a renovar os contratos como nos últimos anos, ou non. Para coñecer este dato establecemos un primeiro contacto co vicerrector responsable e, en reunión conxunta, nos di que a súa intención é facer renovacións a tódolos traballadores/as.

A medida que nos imos achegando cara o mes de abril algunhas traballadoras nos fan partícipes do seu desacougo e da súa desconfianza na posibilidade de renovación de tódolos contratos. O 31 de marzo é o seu último día de traballo e vanse para casa coa esperanza de que a universidade faga tódolos trámites para renovar a subvención antes do 5 de maio, data tope para presentar a documentación, tal e como establece a orde dictada pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Durante o mes de abril falamos en distintas ocasións co vicerrector e nos imos decatando dos novos planes que ten para a OFOE que pasan por unha reestructuración do servizo. Na reunión do Comité de Empresa de Pontevedra celebrada o día 14 de abril o pleno acorda enviar un escrito, xunto co Comité de Ourense, onde se solicita que namentres non se negocie o futuro desta oficina se renoven tódolos contratos. O 25 do mesmo mes tres traballadoras interpoñen reclamacións previas en materia de despido e, ó día seguinte, a través do teléfono, o vicerrector confirma que o futuro dese servizo será unha plantilla composta por tres efectivos e que vai a esperar ata o último día para presentar a documentación diante da Xunta de Galicia. Novamente por teléfono, o 11 de maio se nos informa de que os papeis xa están enviados e se solicita o participación dos Comités na comisión de selección.

Nunha nova reunión do Comité de Pontevedra celebrada o 13 de maio, vólvese a tratar este asunto e o pleno acorda, tras concedernos Ourense a competencia plena neste asunto, nomear a representante da parte social e esixe que se respecte o baremo e a prelación que se estableceu na primeira selección, deste modo llo facemos saber por escrito ó xerente e ó vicerrector. O mesmo tempo, en sendos encontros persoais co xerente e o xefe de RR HH o presidente de Pontevedra lles mostra a súa preocupación pola non participación dos servizos que dirixen na selección.

O administrativo desta oficina se lle renovou un primeiro contrato, por un mes, o 7 de abril e fai uns días se lle fixo unha nova renovación ata marzo do 2004. Parte do traballo que realizaban as orientadoras se ven facendo dende a secretaría do vicerrector tal e como demostran as repetidas mensaxes enviadas á lista de comunidade. Na memoria solicitada o vicerrector polo Comité de Empresa podemos comprobar o traballo desenvolvido na OFOE nos últimos anos e decatámonos do bo traballo desenvolvido polas profesionais e da necesidade de facer estrutural este servizo.

No mes de xuño ten lugar o xuízo e o presidente do Comité de Pontevedra é chamado a declarar como testemuña perante o tribunal. O argumento máis importante aportado pola defensa das traballadoras é o encadeamento de contratos de obra e a continuidade e necesidade da oficina. Unhas semanas máis tarde dictan sentenza a favor da universidade e a avogada das compañeiras, o non estar de acordo con este dictame, decide recorrer o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Fai uns días soubemos que o Vicerrectorado de Relacións Institucionais solicitara a través do INEM unha preselección de curricula para que os valore posteriormente a comisión de selección. Nesta escolma non estaban todas orientadoras que traballaron na OFOE e para aclarar calquera dúbida ou malentendido visitamos a oficina de emprego e alí cerciorámonos de que os criterios e o método empregado semellaban ser obxectivos. O INEM preseleccionou 23 expedientes e enviáronos ó servizo de RR HH. Días máis tarde a través do mesmo servizo soubemos que o vicerrector dera ordes para realizar unha nova preselección dos curricula, desta vez, a través da lista de comunidade. Abraidos por esta iniciativa consultamos de novo coa oficina de emprego e por vía telefónica informáronos que alguén da universidade chamara para solicitar máis expedientes alegando que dentro dos xa seleccionados non estaban os/as que tiñan que estar. A directora desta oficina insiste en que abonda con 23 expedientes e que en todo caso enviaría máis no caso de que a comisión non fora quen de seleccionar os tres candidatos/as. Ante a negativa desta funcionaria o vicerrector decide facer, paralelamente, a dita selección a través da lista de comunidade.

Non queremos prexulgar de balde pero aquí alguén non está a entender que o que se intenta facer é unha selección nunha administración pública e o criterio de elección ten que axustarse ós principio de igualdade, capacidade, mérito e publicidade. O Servizo Galego de Colocación elaborou un baremo para valorar os curricula dos técnicos en orientación laboral e calquera que sexa seleccionado/a ten que superar os requisitos e ter os méritos aí establecidos. A utilización doutro sistema de selección distinto o que establece a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, entenderémolo como un intento de torcer a selección e de actuar con parcialidade. De darse o caso defenderemos a legalidade con tódolos medios a nosa disposición.

Seguimos sen entender porque RRHH non é o servizo encargado realizar todas as fases dos procesos de selección de persoal. Nós seguiremos reivindicando diante da xerencia a asunción desta función. Zapateiro ós teus zapatos.